
Estudiantes coruñeses reciben premio internacional en Supercomputación

- Actualizado (30.05.2011)

Roberto Rey Expósito e Sabela Ramos Garea, estudantes da Facultade de Informática da Universidade da Coruña, son os gañadores do primeiro premio do “The First International ComplexHPC Challenge” polo seu traballo “The F-MPJ Challenge: Solving Complex Problems on Hierarchical Architectures with Xava”. Trátase dun proxecto que mellora o rendemento da aplicación bioinformática ProTest3, a través do soporte eficiente que proporciona a biblioteca na que están a traballar, o F-MPJ.

A VU University Amsterdam outorga este galardón no marco do “ComplexHPC Spring School 2011”, co obxectivo de demostrar e pór de relevo solucións de última xeración no campo do Complex HPC, recoñecendo as máis novas e reais para os problemas presentes nas actuais contornas de computación complexos, distribuídos, heteroxéneos e xerárquicos. O fin é facer máis eficiente e fácil para científicos e enxeñeiros, o uso de calquera tipo de computación ao seu alcance.

Máis información: <http://www.cs.vu.nl/complexhpc2011/challenge.html>